

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

Cada novo Goberno que se constituíe na Hespaña é unha nova ameaza contra Galicia.
O de hoxe e algo máis que unha ameaza.
Siñifica a seguridade de un constante atentado contra os nosos intreses espirituais e materiais.

VERBAS DE CHUMBO

V

Estou n-un inmenso país de latifundios, poboado por xentes moi ricas e xentes moi pobres.

Os ricos comen pouco e teñen cara de ictericia. No inverno sanean a carón do braseiro e no vrán durmen de día e velan de noite. Reparten emolmas de dous céntimos e consideran as chinchas como unha praga inevitable. Teñen administradores dos seus bens e creen que Gil Robles é un revolucionario.

Os probes mantéñense de sol no inverno e aforran enerxías encostándose nas paredes soleadas. Cando chegan os meses de calor pónense a engullir as arañas de vento nas rúas avesías. Están desnudidos e perderon o apetito. Se algunha vez traballan dalle estalidos o espiñazo.

A terra é fartureta e dá sen esforzo todo canto se lle pida; pero esta terra está en poder dos ricos, porque os probes non teñen azos para rexer propiedades.

O país tivo algunha conciencia da súa persoalidade; pero deixouse decapitar pol-a fronteira portuguesa e o inmenso corpo foi asimilado pol-os países veciños.

Se eu fose natural d-este país e sentise anceios de axudar a reivindicarlo non me quedaría máis que un recurso: afiliarme ao partido socialista.

A miña Terra é un país de minifundios, poboado por xentes algo ricas e por xentes bastante probes ou probes de todo.

Os ricos comen e beben d-abondo, para morrerem de apoplexia. Durmen pouco pensando nos cartos que teñen a réditos ou no pleito que lle van a poñer a calquera veciño. Fan caridades con verbas tan bonitas como estas: «Que Deus o ampare». Sofían con mandar e fíanse caciques ou amigos de quén teña o poder nas máns. Adminístran os bens propios e cando poden aínda queren adminístralos os alleos.

Os probes comen o que teñen e se o teñen. Están desnudidos; pero non perden endexamáis o apetito. Cando non poden vivir nos eidos nativos collen o fato e vanse pol-o mundo en procura de traballo. Son donos d-un anaquiño de terra e viven escravizados pol-o fisco e asoballados pol-o cacique. Tamén van ao mar e xogan a vida por un cacho de pan. Traballan de sol a sol ou de estrela a estrela, porque ninguén lles paga o xornal que necesitan para vivir.

A terra é agradecida e non se cansa de pagar o que debe; pero reclama sudores e bágoas. Esta terra está esnaquizada pol-o amor e a cobiza dos seus fillos. O mar é tolo, cruel e veleidoso, coma unha ruleta.

O país mantén latexante a súa persoalidade nacional; pero carece de coraxe para defendela porque a fronteira portuguesa cortoulle o brazo forte pol-a Historia. Ten unha lingua esgrevia e unha cultura en plea froración. Sinte a necesidade de leixes propias para resolver os seus problemas xenuinos.

A miña Terra conta, por ventura, c-un Partido político que se afinca nos postulados democráticos da Constitución republicana, capaz de remediar a miseria moral e material dos meus irmáns, e a este Partido pertenezco e pertencerei mentras viva.

CASTELAO.

Charamuscas

O «agrario» Rodríguez de Viguri tivo, a forza, unhas verbas de protesta con sordina para o Tratado co Uruguay.

O ministro, do seu partido, conveceuño de contado e o Ministro de Berenguer—que calquer día é Ministro con esta deliciosa república lerrouxista—retirou as verbas ditas a forza e votou o Tratado.

Xá o saben os eleitores de Lugo, a nosa provincia gandeira por excelencia que lle deu unha aita o 19 de Novembro data histórica na resurrección de todas as momias políticas da monarquía.

López Varela defendeu o Tratado porque di que beneficia os intreses conservadores.

Que Lerroux e Emiliano o conserven tamén a él.

Os hespañoles ganáronlle aos alemáns no partido de fútbol xogado en Colonia.

Non estou conforme co resultado. Este, loxicamente, debéra ser un empate.

Camiño d-éso vai a política hespañola. De empatar coa alemana anque non faga falla que o fuhrer hespañol use bigote charlotesco.

O Papa en persoa condenou que Aición Católica teña concomitancias políticas.

A Ceda, sucursal ou a mesma cousa de Aición Católica, non queire atender o consello.

E non somentes aínta en política sinón que ademáis únese aos masóns que tanto medo lles mete as vellas.

Medo que o Debate, os cedistas e os católicos oficias fomentan e exprotan para fins totalmente políticos.

Esta é a calidade espiritual dos católicos oficias hespañoles. Nin siquiera lle fán caso ao Papa ou son máis papistas que él.

Visado pol-a Censura

Consumatum est

Estábam os certo cando nos derradeiros números falamos da inminente aprobación do Tratado co Uruguay tema que si serve para novamente ocupar esta páxina, na que vibró a aituabilidade de Galicia, xa non pode impedir a consumación do feito.

En oito días—rapidez non imitada para outras labours de lexislación mais urxente—ficaron aprobados non somentes o do Uruguay sinón tamén—para que a cousa sexa completa—o da Arxentina.

Dous motivos mais para engadir a longa ringleira de feitos que Galicia débelle ao centralismo no seu galopante camiñar deica unha meta sinalada polos gobernos de Madrid. A fame.

Unanimidade absoluta. Non vai a pena de sinalar, agás como episodio, as tremantes e forzadas verbas de algún—dous ou tres—diputados por Galicia que se coideron no interesado deber político de abrir a boca para calar de contado e sumarse ao remate ao consentimento.

Xá e-tá consumado o feito. Xá nada val contra él. Agora a sufrir as consecuencias e aumentar a nosa carencia de medios de vida.

Na Cámara mais de corenta deputados por Galicia. Aquí a prensa gardando o mais criminal e suicida dos silencios. De maneira sinifícativa o xornal que tanto os combateu n-outros momentos e mais alarde fai da súa preocupación pol-os nosos problemas.

Os agrarios galegos—como si-xá toran enrolados no agrarismo maseteiro—calados, mantndo un silencio de morte, de incapacidade ou de sometimento cobarde que os inculpe en responsabilidade da que serán os primeiros en sufrir as consecuencias.

E nós, somentes nós, con algunha cativa exceición, machacando no ferro trío da indiferencia cando non no yunque da mais espantosa e indinante das entregas.

Triste panorama para un pobo que nin siquiera contra a fame que lle imponen é capaz de reaccionar. A tanto chegou o pobo galego.

Nada pódese xa contra os feitos ordeados en Madrid e mansamente tolerados polos galegos incapaces de comulgar na santa rebeldía.

Riba de unha política que nada té de envexar a padecida nos tempos bárbaros do predomnio dos caciquismos tradicionais de Galicia, unha política de fame, de miseria.

Esto débelle Galicia ao centralismo nunca tan leramente sostido como hoxe.

Mais nós non nos resiñamos. Sufríremos a fame que inzará, como unha plaga, os nosos eidos. Mais día tras día, con esta constancia que constituíe o noso mais preciado patrimonio, seguiremos berrando e traballando para erguer a dinidade do noso pobo e arrincar aos nosos irmáns da voluntaria escravitude moral e material en que se atopan.

Anque eles non queiran.



Un aviador hespañol que vai a México.

Un ex-embaxador mexicano que pronuncia unha conferencia encol de Hespaña.

Aquí en Pontevedra no mesmo día pónense en teatros distintos dúas películas mexicanas.

Emiliano que vai ou non vai a México.

¿Non vai sendo xa un pouco sospeitoso tanto México?

O señor Portela vén aguandando os chaparróns parlamentarios encol do aborto de Lei de Prensa. E ademáis deféndeala.

Un proieto confeccionado pola Ceda e que somentes defende o Debate.

O director propietario de «El Pueblo Gallego» amóstranos con ésto, unha vegada máis, a súa consecuencia política.

Todo un periodista, liberal etc, defendendo un exendro reicionario dos máis grandes detractores do liberalismo e do periodismo.

O que dirá él: Tamén o meu xefe político aital, o señor Lerroux, é periodista e máis se supedita.

A un señor cuio nome non podemos decir chamáballe aínda fai poucos meses o «tarado» o señor Portela.

Decía d-él verdadeiras pestes. Sería interesante saber agora que opina o señor Portela do señor a quén él chamaba o «tarado».

AMARO DE VILAMELLE.

Agrarios galegos: ¿Non vos lembrades do grandioso mitin das Cabañas en Vigo fai dous anos como protesta contra o intento de aprobación do Tratado do Uruguay?

O Tratado acábase de aprobar. ¿Qué foi de vós? ¿Cómo se exprica o voso silencio?

DO MOMENTO

Francia acaba de nos dar agora unha nova leición.

O triunfo das esquerdas nas eleccións municipais é rotundo. O liberalismo francés cinguido baixo o nome de Frente anti-fascista deulle unha soberana tunda as ideas e propósitos de instaurar n-aquel país os sistemas de forza ou corporativos que arestora estanse poñendo de moda por ahí adiante.

E ademáis un fenómeno totalmente explicable. O triunfo e avance dos candidatos comunistas e socialistas como reacción firme e poderosa contra os intentos das forzas reacionarias.

A leición paréceme dina de se ter en conta.

O feito pódese reproducir na Hespaña. A situación aital das forzas reacionarias hespañolas con toda a serie de atopellos e intentos de regresión pode dar lugar a un feito semellante. E os que agora, cegos, cerriles e inconscientes, que non se decatan do absurdo da súa aituación e apelan a toda crás de medios, por innobres que sexan, andan a fomentar, querendo ou sin querer, en Hespaña unha forte reacción esquerdista pódense atopar en un momento axeitado con unha forza rexá e fortemente cinguida que repita o feito francés.

Dírase que Hespaña non é Francia e dende logo a observación non está descamiada.

Máis non é menos certo que a aituación desmesurada das dereitas hespañolas pode producir resultados contraproducentes cuia transcendencia naturalmente é precipitado vaticinar agora con exaitude.

Pol-o pronto compre tomar boa nota do procedemento seguido pol-as esquerdas francesas de apoiarse entre si e chegar a retirar candidatos que poderan ser unha dificultade para derrotar as dereitas. Aquí, en canto haxa ocasión, o sistema debe ser imitado.

Un dos constructores do Estado de Polonia acaba de morrer. O Mariscal Pilsudski.

Non tñá dende logo a figura do patriota polaco a envergadura inimitable de Massarik. Nin cecais a de Valera e dende logo non té semellanza coa de Ghandi. As tres grandes figuras contemporáneas do patriotismo nacionalista das nacionalidades oprimidas.

Derradeiramente o Mariscal Pilsudski manifestará, certas simpatías deica unha situación fascistoide. Causa que nin Massarik nin de Valera tiveron endexamáis despois do triunfo das súas ideas e da liberdade dos seus respectivos pobos.

Máis o finado Mariscal era un patriota e para un gaieguista, a súa morte, té necesariamente que ser motivo para unhas verbas acesas na comunidade do ideal e do pensamento n-unha Causa que con todas as diferencias de lugar é a mesma.

O Goberno lerrouxista da definitiva entrega as dereitas antirrepublicáns comenzo a aital.

E, como sospeitábase, faino inspirado nos mesmos procedimentos agudizados, que obedecen ao predomnio das forzas dereitistas que o sosteñen.

Para Galicia foron as primeiras e máis tráxicas consecuencias.

Aí están, aprobados xa, os Tratados co Uruguay e coa Arxentina.

Como comenzo é definitivo. Máis é de agardar que aínda non remate a cousa n-éso.

Repitamos que non podémosse negar a si mesmo este Goberno seguirán caendo riba da nosa Terra inxusticias e máis inxusticias. Perxucios e máis perxucios. Como unha espada de Damocles, este Goberno penderá da vida de Galicia namentras dure.

VICTOR CASAS

Realce de feitos

Primeiro o alleo que o propio

Celébrase este ano o centenario do gran poeta castelán Lope de Vega, e con tal motivo véñense faguedo con frecuencia actos conmemorativos en localidades de total-as terras que forman o Estado hespañol. Trátase de unha esgrevia i-eiscelsa figura peninsular e bñ está todo o que faga en senso de homaxe e de glorificación da mesma.

Non hai, pois, que oxetar ren con respecto a isto pol-o que toca a Hespaña. Máis pol-o que toca á nosa Terra bon é contrastar ise afán conmemorativo do centenario do gran poeta, que se despertou ou anda a se despertar en tantas entidades, con aquela vergoñosa e censurábel actitude de indiferenza e de silencio con que as mesmas entidades deixaron pasaren os centenarios de Murguía e Rosalía, primeiro, e do bardo Pondal, dimpóis, cal si se tratase de figuras de máis ou menos, ou cal si a obra das persoalidades galegas non fose pra Galiza de moito máis intrínseco, de moitísimo máis aprego e transcendencia que toda a obra, todo o colosal e admirábel que se queira, do chamado por autonomía «Fénix de los ingenios españoles». Porque compre destacar, e moito, que as entidades galegas que agora tanto intrínseco amostan por honrar ao poeta hespañol, non quixeron ou non souperon amostaren no momento axeitado—o dos centenarios das figuras inescuentes citadas máis enriba—que eran da Galiz e que pr'a Galiza fitaban, xa que, de non sere eisí, obliga-

dos se ollarían a revelaren en tal intre unha moi difrente actitude á por eles seguida.

A causa de isa conducta eistrana e merecedora da repulsa enerxica de todol-os bos patriotas non pode sere outra—eu pol-o menos non atopo outra—que a de que taes centros se achen ourentados e gobernados ou ben por xentes alleas a nós—e isto é o menos lamentábel, con selo moito—ou ben por galegos desleigados que coa súa laboura contribuen a manter esta situación de colonia en que a Galiza vive aldaxada e preterida decote.

Compre, pois, destacar ben o feito pol-o que ten de alleccionador e deixar ben sentado como a hora de agora aínda hai antre nós xentes que, contra do que debéra sere obriga súa, fan caso omiso dos nosos valores alleos. Có que fica dito qu'eisí contribuen ao rebaixamento da propia estima, que antre nós abonda, e a isa sorte de humillación e auto-rebaixamento en que viven tantos galegos, e contra dos que os galeguistas temos de loitar sen acougo, rexamente, si queremos que a Galiza se erga e sexa.

RAMÓN VILLAR PONTE

Non podemos publicar úns enfiles que se refi. en a aprobación do Tratado co Uruguay en relación con certas condutas.

R.G. 106/1
Compra

Aitividades do Partido

Unha circular pra todol-os Grupos

Iñormas pra nova propa- ganda

I. Permañencia e actualidade

A. Endexamáis o Partido Galeguista desenrolou a súa propaganda a carón da circunstancia. Pol-o contrario, a acción do noso Partido viuse operando sin solucións de continuidade, unha xeira permanente de aitos públicos, alléos a todo episodio político e o marxen de canto non fora crear unha conciencia autóctona no Pobo, pra que este poidera reclamar os seus dereitos e cumprir os seus destiños.

Que o motor da nosa actuación foi facer Terra, antes que facer partidismo, é cousa igualmente que se nos ten recoñecida. I-e pol-o que ten de recreado a dunha Patria, pol-o que xamais desfaleceu a nosa moral, na boa ou na mala fortuna. Si é o chamamento das furnas o que promove as actividades da maoria dos partidos ao uso, nos non facemos mais, en tales intras, que seguir o noso vieiro proselitista.

B. Non embargantes, a paisaxe política actual; os acontecementos que rematan de ocorrer na gobernación da Hespaña: os perigos certos e ceais próximos pra-s nosas arelas mais amadas; a invasión do Poder Central por quenes traen a República propostas e ideais as que xá se pechara a Monarquía; o erguemento a Conselleiros de homes que crearon a súa popularidade pintoresca declarándose campeóns da ma s intrasixente. cerril, vella, insensibel-e fracasada concepción uniformista do Estado; todas estas razóns, e mais, obríganos agora a—sin perda mínima da fé inmorredoiro—acentuar o espallamento do noso ideario.

II. Dirección dos aitos a celebrar

A tal efecto, estimúlase a actividade dos Grupos pra que intensifiquen os actos de propaganda, baixo as seguintes iñormas:

A. *Contido.*
Nos mítins e conferencias deberanse glosar fundamentalmente istes temas:

a). Política económica mantida con Galicia. (Inxusticia distributiva. Abafamento fiscal. Cupo contributivo inxusto. Política comercial exterior. Confinxentes).

b). Esquecemento das nosas bases de riqueza. (Ferrocarris poucos lentos e caros. Ruín distribución dos transportes. Falla dunha dirección agrícola. Inexplotación da nosa economía forestal. (Persecución do noso gando. Maltrato dos nosos intrases industriais, peixeiros e labregos).

c). Os proteccionismos particularistas e o abandono de Galicia. (Exemplos de coma se perxudican os nosos productos, namentras se favorecen o trigo castelán, o ferro vasco, o carbón asturián, os panos cataláns, os froitos de Levante, os aceites andaluces etc).

d). Política pedagóxica trabucada. (Escolantes alleos. Falla de coficialidade idiomática, Edificios escolares improprios. Carencia de escolas de formación campesiña e mariñeira. Arte. Língua. Espírito. Patrimonio cultural e artístico de Galicia).

e). Afirmacións programáticas. (Galicia na función cooperativa. O noso pacifismo. Postulados de orgaización galega. Dereitos individuais. Problemas agrarios e xurídicos. Lexislación obreira e mariñeira).

f). Exámen da política antirrepublicán e negativa do segundo bienio.
g). Política provincial e local.
h). Acción parlamentaria de Galicia. (Os nosos deputados e os actuais).

B. *Orgaización.*
a). Os aitos teranse de preparar con tempo, anunciándoos eficazmente. Conven que n-eles interveña, pol-o menos, algún galeguista do Grupo orgaizador.

b). Cando se trate da inauguración de Grupos, o mitin ou a conferencia serán obrigados.

c). Os lugares dos aitos terán de ser aqueles que xunten as máisimas posibilidades de concentración.

d). Os Grupos porán en conocimiento d-ista Segredaría, por conducto da Oficina do Partido, os aitos que se propoñan celebrar, as súas datas e os oradores que desexen recibir.

e). A Segredaría, con todos istes datos, confeccionará un mapa de mítins e cada Grupo irá tendo a autorización e a axuda posibel pra aqueles que coide comeñente orgaizar.

III. Réximen provisional

Prégase aos Grupos que teñan en conta as denanteriores regras pra rexir a propaganda que se aveciña. En todo caso, e namentras a distribución semestral dos mítins non fica arranxada, os Grupos procederán a celebrar todos cantos xa tiñan en proieito.

IV. Conferencias nos Grupos

Encarácese a total-as orgaizacións a outa comenencia de inaugurar ou reanudar as conferencias nos seus locais. Quenes as postulen non precisan ser afiliados ao Partido Galeguista. Abonda con que comulguen en doutrinas afíns ou teñan personalidade d-abondo pra disertar sobre temas de carácter económico ou cultural.

Ao mesmo tempo, convén que os locais propios se axeiten coma escola de futuros propagandistas.

V. Tónica de Propaganda

Non por necesidade de remarcalo, sinón pra cumprir con ouservacións feitas na VI Asambrea, ista Segredaría recorda a cantos teñan de animar aitos públicos galeguistas, a tradición, ben gañada, que ten o noso tono ergueito de actuar e de decidir.

Sin agachar ningún pensamento, sin frenar a indispensabel enerxia das nosas sagras condenacións, a elegancia espritoal do Partido Galeguista non lle permite baixar ao terreo en que xentes políticas sin liña se moven a rente do chan. Os íntimos sentimentos sinceros e a area persoal respetabel, quedarán sempre, pol-a nosa banda, ao marxen da polémica. Sirva ista adevrentencia, mais que pra os propios, que endexamáis a percisaron, pra conocimiento dos alleos.

O Segredario de Propaganda
X. ALVAREZ GALLEGU.

Compre que os grupos atendan con verdadeiro coidado as indicacións que a Segredaría de Propaganda fai na preceden-te circular e sexan atendidas. Tanto no que atingue a orgaiza-ción de aitos como ao carater e ourentación que han de ter.

Esta circular obedece ademais ao comenzo da intensa xeira de propaganda que o Partido, dende o Comité Executivo, fai escomenzar.

Dita xeira dará, posibelmente, comenzo nos derradeiros días do mes con varios mítins e conferencias en varios pobos de Lugo e na capital.

As conferencias no Grupo de Ourense

As dúas derradeiras do intrasante ciclo correron a cárrego dos irmáns Antón Fráguas e Alvaro Cunqueiro.

Na primeira o culto profesor do Instituto da Estrada versou en col de diversos aspectos histórico-anedóticos da vida universitaria compostelán nos séculos XVII e XVIII os cales referiu con gran amenidade e erudición que mereceron grandes aprausos tanto pol-o intrés dos asuntos como pol-a maneira de ser relatados pol-o conferenciante.

Na segunda, o formidabel poeta novo que é Cunqueiro cuio nome vai acadando en Galicia e fora d-ela a súa que meresece, falou de poesía baixo o título de «A poesía, eu mesmo e outras noticias».

En párrafos maravillosos, imposibiles de reproducir, fixo unha disquisición ateigada de belezas e expresións poéticas sinxelamente grandiosas.

Fala de Giradoux, de Superville e de Gervais, dando lectura a varios poemas dos citados poetas.

Leeu tamén cousas súas, algunhas inéditas, e fixo unha elexia do finado Barral Eiroa, ateigada de unha beleza e forza poética emocionante.

A conferencia de Cunqueiro deixou un ronsel inextinguibel merecendo grandes felicitacións e ovacións quentes e admirativas.

Con estas dúas conferencias pechouse o ciclo d-este ano que como saben os nosos lectores tivo unha enorme importancia. Pol-os oradores, pol-os temas e pol-a gran atención que o pobo ourensán adicou a esta gran xeira de cultura que o noso Grupo de Ourense desenrolou perante os meses do inverno.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOU-
RAR POL-O ENGRANDECIMENTO
D'A NOSA TERRA.

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

XERARDO ALVAREZ GALLEGU
Abogado e Procurador
Vigo

ARTURO LOPEZ TRASANCOS
Médico
Ourense

DR. AMANCIO CAAMAÑO
Sanatorio Quirúrgico
Pontevedra

ANTÓN PINTOS MIGUEZ
Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6
Balón

FRANCISCO Barreiro Salafío
Perito Agrícola
Santiago

XOSÉ F. BORRAJO DACAL
Abogado
Ourense

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

Boletín de difusión de A NOSA TERRA

Reproducimos novamente o Boletín de Difusión de A NOSA TERRA idea do irmán Beiras que denantes da suspensión do semanario acadara un grande éisito para a súa extensión.

Ao facelo, novamente agardamos que tamén agora acade o mesmo éisito que ademais de ser unha axuda económica siñifi a un doado xeito de extender as ideas galeguistas.

Boletín pra difusión de A NOSA TERRA

D. remite por xiro postal (ou en selos de correo) (1) a cantidade de pesetas, importe da subscripción a favor das persoas cuíos nomes e direccións van ao pé, é as que o Semanario será remitido directamente pol-a Administración.

D. Dirección.
D. Id.
D. Id.

(1) Táchese o medio de remesa que se non utilice.

Oficina do Partido

Notas para os grupos

Tense feito unha reprodución en follas do Programa do Partido.

Os grupos que o desexen poden pedir a oficina os exemplares que queiran os cales se lles enviarán de contado.

Lémbrese aos grupos o deber de enviar a lista de irmáns para o despacho de carnets de cantos aínda non o teñan no seu poder.

Téndose acordado que todo irmán debe ser suscriptor de A NOSA TERRA compre que os segredarios dos grupos envíen relación de irmáns e domicilios para lles enviar o boletín aos que non sexan suscritores.

Compre que os grupos, que non o teñan feito, legalicen a súa situación oficial con arreglo a lei de asociacións que obrigu a facer aita de constitución, libro de contabilidade, de aitas e de rexistro de afiliados, enviándoos ao goberno civil da provincia para legalizar debidamente.

Interesa fondamente cumprir esta indicación para o legal funcionamento dos grupos e impedir calquer medida que se queira apricar contra eles para lles imposibilitar a acción.

Recórdase aos grupos das zonas de Vigo, Viveiro, Ourense e Lugo a necesidade urxente de proceder a designación dos respetos Conselleiros propietarios e suprentes.

O teléfono da oficina é o número 188. Para calquer cousa urxente debe ser usado a calquer hora do día.

SI QUEREDES
XANTAR BEN
IDE A

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

CAFÉ
GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

Para artigos de
coiro e viaxe :

Ninguén como
TALABARTEIRA VEIGA

Senra, 9.—SANTIAGO

IRMANS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteros

"OS DEZAS"

de Lalín-Moneixas (Pontevedra)

CANTO PROPIO.

PAREXAS DE BAILE.

CADRO DE DECLAMACION

Os Galeguistas pa-
ran en Sant-Iago no

"Hotel Europa"

DE RAMON MORANDEIRA

Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIÑACIÓN, S,
TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7
Pontevedra

Redacción - Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra

SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestra. Pago adelantado.

Número solto: 10 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Ano XIX Galiza, 18 de Mayo de 1935 Núm. 366

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

SEMENTEIRA

O PRIMEIRO...

«Desconfiamos de aqúeles cosmopolitas que van a buscar en apartados climas as obrigas que non se diñan cumprir ó redor de sí».

ROUSSEAU-«Emilio»

Tres meses do ano adican os discípulos da «Satyagraha», a escola creada polo xenio místico e patriota de Gandhi, a percorrer a pé os vellos camiños da súa Patria. Así, con andar cordial de pelenxinos, aprenden os mozos nazionalistas a coñecer a súa terra con coñecemento que entra pol- os sentidos do corpo; de ise xeito decátanse dos factores biolóxicos, psicolóxicos e económicos que latexan no complexo dos seus problemas; así, vivíndoos, acostúmanse a enxergar a súa posíbel solución. No se contentan con especulacións teóricas; matinan en col das realidadeas vitales que iles palparon, ollaron e meteron no miolo do seu sentimento patriótico, na médula do seu cerebro e no cerne de súa devoción. Os discípulos dos *Folkenskolle*, as escolas danesas de adultos, creadas vai pra un século pola fé iluminada de Grundtvig nos intres máis difíciles da vida nacional de Dinamarca, tamén adican algúns días do curso a percorreren a súa pequena gran patria.

¿E nós? Pra qué falar. A maoria somos turistas na nosa Terra. Cando vamos de un lugar a outro facémolo en tren ou en auto, ca mesma falla de emoción patriótica, ca que poidamos pasar por unha terra allea. Que sabemos nós da vida dos nosos labregos. O señorito que nasceu n-unha vila, que foi a unha escola onde non se lle falou pra ren da súa terra, que meteu na memoria a cencia serodía dos apuntes ou textos universitarios, que coñece a aldeia dos días de enchenta e esmorga ou de cazata, cómo pode, con proveito, intervir na vida política ou social de Galicia, que é casi escruvivamente vida rural? A primeira das nosas obrigas de ciúdadáns, galegos e tratar de coñecer a vida dos nosos aldeáns.

Pra isto temos de saír das ruas municipais e meteríños pol- os camiños campesíos, non pra admirar

a paisaxe, ou pra facer de arqueólogos ou de oradores, sino pra adeprender caladamente como viven os nosos agricultores. Sempre que poidamos deixemos a vila e vaiamos os adrales das eirexas, a saída da misa, e ouzamos o que falan as xentes; e conversemos cos que andan no traballo dos eidos, e metámonos nas casas aldeáns. Vexamos as mágoas do vivir labrego e escoitemos os seus lalios. Decatámonos de cómo iles non viven a gusto na ñorancia, de cómo renegan do seu vencimento espiroital, de cómo teñen concencia da rutina e do isolamento en que mal viven. Ouservermos a súa vida animal: cómo comen; cómo dormen, cómo se asean e cómo se visten. Ouservermos, tamén, a súa falla de vida intelectual.

Pois isto é o primeiro. Meterse, cos sentidos todos ben espertos, nos meíos campesíos. Sentir na i-alma a traxedia espiroital e corporal en que vive o noso agro. Sentir ben fondo, na entrana da nosa civilidade, a vergoña de isa vida. Dempóis enterémonos de como viven os agricultores en Dinamarca, en Holanda, en Suíza... Porque pra chegar a resolver, con posibilidades de éisito, calisquera problema social, pra reformar con leises calisquera problema, o primeiro é saber como existen e como os entenden as xentes que constitúen o seu elemento humán, elemento básico de todo camiñar social.

E con toda a boa vountade, con toda a competencia técnica, con toda a bibliografía precisa, aínda con Autonomía,—sin ela, non digamos—namentras os políticos de Galicia non sintan—e non se pode sentir sin vivila—de verdade, sin literatura de mitin, vergoña cordial e cerebral polo estado en que viven as tres coartas partes do noso pobo, a política será sempre o que ven sendo: estafa.

X. NÚÑEZ BÚA

CONTRASTES

Estou lendo estes días un libro político no que ademais de dar a coñecer certas cousas das que motivaron a disolución das Cortes Constituintes, reproducíense os célebres discursos que Lerroux, Prieto e Azaña pronunciaron na derradeira sesión de aquel Palramento que despois das inxustas diatribas de que foi ouxeto está resultando, polo contraste que ofresce co aítual, aparte da súa laboura inxente endexamais igualada, reivindicado pola opinión e aínda tamén por aqueles que mais o combatoron. Estes obrigados pola realidade dos feitos que e ñen máis valor que calquer campaña política craramente tendenciosa e intrusada.

Fai d-eso somentes ano e medio e semella, lendo aquelas páxinas compretamente históricas, que se producion xá no mais antergo recanto do tempo.

Polo que sucedeu despois, nunca Hespaña viviu tan precipitadamente no orde político como hoxe, e pola diferenca de conducta que se observa no señor Lerroux.

De Azaña e Prieto non somentes non se pode decir o mesmo senón que polo contrario foi n-aquela sesión onde os dous políticos sinalaron unha conducta e unha táctica, en nome

Aprobóuse o Tratado co Uruguai e estase discutindo o da Arxentina. ¿Onde están as sociedades agrarias que non dán a menor sinal de vida?

propio e dos seus respieivos partidos, que o tempo veu a confirmar con exaitude absoluta.

O señor Lerroux non. No discurso que se chamou da «serpiente e do león» e no pronunciado anteriormente —aparte dos ataques inxustificadros que dirixiu aos gobernos Azaña—o xefe radical fixo alarde de autonomismo, de esquerismo, de respeito e acatamento da Constitución, de laicismo, de defensa da Lei Agraria e de tantos outros puntos espiroitalmente programáticos nos homes e nos partidos que truxeron a República e labouraron o seu Código fundamental.

Hai nos seus discursos párrafos enteiros, longos, que sería intrésante reproducir para contraste e coñecemento de moitos que viven cada día a política e fáclmente esquecen as promesas e compromisos dos homes aos que iles compre a responsabilidade de endereitar a política hespañola nos intres aítuaes.

Lendo aqueles discursos ninguén podía sospeitar—no momento de decírense—que o tempo había de encaregarse de sinalar un contraste tan patente e lendoos agora, no momento perciso do contrate, a cousa adequíre caracteres sinxelamente impubricábeles.

E poida que aínda o decorrer dos días sigan acentuando ese contraste que inrusive chegou a adequírer categoría de feito non desconocido nas mesmas ringleiras do propio partido.

Unha escisión xá producida coa marcha de Martínez Barrio. Outra la-

BARALLA

Antitópico núm. 1.

Non fallan—mais ben sobran—nas tertulias dos cafés e dos caseiros, quenés, ollando o xuntoiro do noso Partido con outros agrupamentos políticos, baduen a cotío:

—¡Bah! Non se trata de ideoloxías afíns, senón de postos probábeles. O que importa é o Poder, a aita, o Goberno civil, o «enchufe»...

Estes barballeiros irresponsábeles, son, cecáis, os mesmos que batearon o noso remanecer na loita das Constituintes co alcume de «románticos». Co cal fica acretada a lixeireza son que gaguexan. Porque a política galeguista tanto non percura hoxe un aproveitamento material, coma non persequiu endexamais ningún deporte do espiro.

¿Imos a deixalo clarexado?

Pois botemos por diante que aqueles que interpretan a política, non coma unha gracia helénica, senón coma unha formación de aspirantes a mercar un boleto na taquilla do Poder, saben dabondo que nas fias galeguistas se non reparten mais que sagríficos. Calquera de nos—sen excluirnos os mais dandos—pode amosttrar os seus feitos de armas. Nas follas do noso servico, xúntanse as feridas, as doores, os quebrantos e até as persecucións. En troques, calquera de nos—Incluso os mais modestos—houbera atopado, baixo outras bandeiras, os premios con que soñan cantos, ao firmar unha ficha de afillado, coldan que merearon unha rifa.

Sí, polo tanto, a nosa preocupación se nos gasta en medrar o ombreiro dos xefes, nin se enlarpela a veira das furnas, ¿será que nós constituímos un fato de homes con vocación de rendeiros do limbo? ¿Seremos, efectivamente, uns probes «románticos» na dirección, un pouco butrona, que lle imprimen a verba?

Xa o miraremos tamen na próxima «Baralla». Porque—pol-o ollado—as xentes aínda non se desafivelan dos refugallos, nin deixan de andar en percura de razóns pra explicar unha cousa tan clara e sinxela coma é o comprimento dun deber patriótico.

X. ALVAREZ GALLEGU.



tente que será difícil de contér e nada ten de particular.


O contraste é tan manifiesto e a defeción é tan crara que o raro é como aínda o señor Lerroux téñ xente no partido.

Cecáis a súa idade, sexa un dos motivos de que non o deixen soio. E a do disoite do Poder. Poida que a primeira non rezara si a segunda non tivera máis forza convincente para conter a desbandada por agora.

V.

GALEGUISTA:

Podes contribuír extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despóis de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adoitos ir ou o reexpides a algún amigo.



¡Viva la República!
¡Viva o 14 de Abril!
Istes son os dous berros subversivos.

Quedamos en que o ex-diputado Constituinte D. Manuel Portela Valladares, ex-galeguista independente, autor de «Ante el Estatuto», é correligionario do honorabel home público, D. Emiliano Iglesias Ambrosio.

Sabemos que Salgadito, o batallador diputado por Pontevedra, foi dos que na reunión da minoría radical que presidiu o sumo pontífice da Euforia combatiu máis duramente a solución da crise e a entrega da República as dereitas.

Para élo, con sinceiridade que o honra, recordou que él fíxose repubriçan, bricán despois de vir a República e dixo tamén que a súa procedencia é unha das máis moderadas dentro dos compoñentes da minoría lerrouxista.

Sin dúbida recórdase dos seus tempos de carlista, de maurista, de agrario, de autonomista (?) etc.

Cando Salgado téñ que falar así xá non pode ofrecer dúbida nin unha que o feito por Lerroux na derradeira crise non pode tér xustificación posíbel por moita desculpa que lle busque nin moita que sexa a súa paternal hipocresía.

Craro que algúns se preguntarán. Cando Salgado fai eso ¿non será porque algunha razón de orde particular o moveu a élo?

Polo visto o señor Lerroux na reunión tratou de xustificarse decindo que as esquerdas o combatoron sempre a él e ao seu partido, verdadeiramente partido.

Por odio aos homes das esquerdas o ensanchador da base da República entrégase descaradamente as dereitas.

Interésalle máis a súa venganza persoal e os seus odios que o porvir da República.

En boas máns está o pandeiro para poder acadar algunha confianza respecto ao rumbo que a política repubriçan leva e levará namentras o señor Lerroux teña vara alta.

O señor Gobernador de Pontevedra regresou a súa insula despois de longos días de ausencia que comenzaron o día do banquete ao Emiliano.

Parecía que nos veríamos privados para sempre da presenza de D. Diego.

Mais non foi así, por agora, e restituíase ao mando da provincia que deu a política hespañola os nomes esclarecidos de Emiliano Iglesias e Manuel Portela Valladares.

Bén chegado e que continúen os éxitos.

Fixo falla que chegásemos ao estado d-euforia actual pra que o tratado co Uruguai, que tantas protestas e actitudes feras suscitara n-outroa, fose aprobado no Palramento do xeito máis doado e casi antre a ledicia dos diputados que

se chamando galegos non representan a Galicia.

Realmente a cousa estivo ben. De non sere eisí, isto é, de voltar ás protestas e aos berros, os galegos poderíamos ser chatados de malos patriotas n-ista hora solemne en que unha fonda eispectación arrodeía os primeiros actos de un Goberno chamado a darnos a felicidade. ¡E iso sí que non!

Inda que a nosa economía se afogue, inda que os nosos labregos se afundan na meirande miseria, primeiro é iso que din «la patria única e indivisible». E con razón, pois de non subsistire ela tempouco non subsistirían isos partidos dereira ou esquerda, tanto da—que teñen persoeiros no Palramento e que tan boa proba de amor a «la Patria grande» acaban de dare agora, con motivo de aprobación do tratado co Uruguai. ¡Ouh o silencio patriótico!

Váise a pensantare ás Cortes un proxecto de lei referente ao paro obreiro. ¿Quién se arrisca a apostar contra nós a que da distribución de obras e cantidades que se faiga resultar á Galiza é unha terra privilexiada na que non hai paro e na que se non necesitan, pol-o mesmo, obras?

Dimpois das cousas que istes días se viñeron léndo referentes á subrevación de Jaca e aos seus dirixentes, os heróicos capitáns Galán e García Hernández, ocúrrenos matinar que un bon homaxe a súa memoria sería dispór que os seus nomes inesquecibles fosen borrados do salón de sesión do Palramento. Eisí, evitaría unha grande incongruencia.

Pepe-Benito, o xúrdio e cameleónico cacique lucense, aínda non foi ouxeto de ningunha distinción por parte de quen pode e manda. E iso que o seu republicanism non pode ser posto en dúbida nen tampouco en comparación co de Fernández Florez, recentemente condecorado. Estamos, pois, en presenza de unha inxustiza que hai que reparare axiña. Pepe Benito merez todo, absolutamente todo. E por nós que non perda.

A Censura

Dende que A NOSA TERRA reanudou a súa publicación no mes de Febreiro, nin unha soía vegada a censura gubernativa tachounos a mais pequena verba.

Sabiamos da súa existencia somentes pola molestia que supón mandar as galeradas e agardar a que as despachen.

N-éste número xá non toi así. O lápiz roxo tachounos úns entrefiletos, totalmente inofensivos, que se referían a diferenca de conducta do señor Ministro da Gobernación encol do Tratado do Uruguai fai dous anos e agora.

Non podemos menos, si nos deixan, de manifestar o noso asombro mais aínda despois das regras que para o exercicio da Censura acaba de dicitar o señor Ministro,